

1.3 Uso da Internet e servizos en liña

1.3.1 Conectividade e acceso á Internet

Máis de catro de cada cinco empresas españolas, na media europea, dispón de acceso á Internet. Nas empresas con máis de 10 empregados/as, a penetración é practicamente total.

A banda larga ten unha presenza moi importante nas empresas conectadas á Internet e supera o índice do 80%. Isto supón que case tres de cada catro empresas están conectadas á Internet mediante banda larga.

En Galiza, os datos atópanse só lixeiramente por debaixo do patrón estatal.

As empresas que dispoñen dunha conexión á Internet para desempeñar a súa actividade diaria son xa ampla maioría: máis de catro de cada cinco empresas da Unión Europea empregan esta posibilidade, nivel no que se atopan tamén as empresas españolas. Pódese dicir, pois, que a conectividade á Internet é xa unha ferramenta habitual na actividade do tecido produtivo.

Segundos os datos do INE, a cifra de empresas españolas conectadas á Internet é do 90%.




Figura 77: Proporción de empresas con conexión á Internet por estados da UE.

Fonte. *Elaboración propia a partir de datos de DMR/AETIC* ⁽⁶⁾

En calquera caso, cun criterio máis esixente debe considerarse como indicador significativo a proporción de empresas que dispoñen de conexión á Internet de banda larga. Este resulta ser un dos poucos indicadores onde o Estado Español amosa unha situación de liderado no contorno europeo.

Segundo os datos de DMR/AETIC, case nove de cada dez empresas españolas (87%) que se conecta á Internet dispón dun acceso de banda larga, moi por riba do parámetro europeo, que é de pouco máis da metade das empresas. Estes datos coinciden cos fornecidos polo INE, que fala dun 84% de empresas con acceso de banda larga sobre o total de empresas con acceso á Internet.

Segundo os datos anteriores, o 71% das empresas españolas segundo DMR/AETIC e o 75% segundo o INE dispoñen de conexión á Internet de banda larga.




Figura 78: Porcentaxe de empresas que acceden á internet mediante ADSL.
 Fonte. *Elaboración propia a partir de datos de DMR/AETIC* ⁽⁶⁾

Repasando os datos de evolución dos últimos anos, pódese observar a rápida evolución nos inicios da década e a ralentización no último período –nótase especialmente nas perspectivas a 2-3 anos– pola chegada a límites achegados á saturación da penetración.




Figura 79: Evolución da penetración de acceso á Internet nas empresas españolas.

Fonte. *Elaboración propia a partir de datos do INE⁽⁴⁾ e de DMR/AETIC⁽⁶⁾*

A conexión por banda larga leva unha evolución semellante, tamén condicionada pola eclosión da oferta para pequena e mediana empresa a partir de 2003.

O 84% de empresas con conexión á Internet de banda larga sobre o total das empresas conectadas acádase en 2005 despois dun importante incremento dun 35% en tan só dous anos.




Figura 80: Evolución das tecnoloxías de acceso á Internet nas empresas españolas.

Fonte. *Red.es⁽¹²⁾*

No conxunto do Estado, Galiza ten a seguinte situación relativa:

- Considerando o acceso á Internet con independencia da tecnoloxía, as empresas galegas (84%) atópanse preto da media estatal (90%) e da europea (92%), atendendo aos datos do INE.
- No que se refire a accesos de banda larga, Galiza (74%) está practicamente na media do Estado (75%) e por riba do referente europeo.

Máis aló das diferenzas relativas, non excesivamente significativas, tres de cada catro empresas galegas dispoñen de conexión á Internet de banda larga. Isto é catro de cada cinco das que están conectadas á Internet cunha ou outra tecnoloxía.




Figura 81: Porcentaxe de empresas con acceso á Internet. Ano 2005.

Fonte. DMR/AETIC ⁽⁸⁾

Para rematar cos datos de penetración, é necesario analizar a influencia dos parámetros tamaño e sector de actividade nos niveis de conexión á Internet.

Recorrendo de novo ao recente informe de DMR/AETIC, atópanse as seguintes distribucións:




Figura 82: Empresas con conexión á Internet por tamaño de empresa.

Fonte. *Elaboración propia a partir de datos de DMR/AETIC* ⁽⁶⁾




Figura 83: Empresas con conexión á Internet por sector de actividade.

Fonte. *Elaboración propia a partir de datos de DMR/AETIC* ⁽⁶⁾

A vista das figuras anteriores, pode concluírse que tamén neste parámetro xoga de xeito importante o tamaño da empresa. O *gap* no límite dos dez empregados/as segue

presente. Por riba desa cifra a penetración é practicamente total, mentres para as empresas menores aínda queda un percorrido no contorno do 20%.

Por sectores, as industrias básicas, o comercio e a hostalaría son os que amosan uns niveis de penetración menores.

O Observatorio TIC ten publicado datos para Galiza desagregados por tamaño. Obsérvase doadamente a influencia do tamaño, aínda que semella que o *gap* é manifesto nas micropemes con menos de cinco empregados/as.




Figura 84: Empresas galegas con conexión á Internet por tamaño de empresa.

Fonte. *Observatorio Galego da SI*⁽²⁾

Os datos das enquisas confirman o que se comentaba nas figuras anteriores. Obsérvase como desde un tamaño maior aos 10 empregados/as, a penetración é moi grande (máis do 95%), e como nas micropemes menores aos 5 empregados/as hai un *gap* consistente.

En canto ao sector de actividade, o sector financeiro é o que goza de maior penetración da Internet, mentres que, polo contrario, destaca o da construción que é o único que ten unha penetración inferior ao 90%.

Cómpre destacar que desta pequena porcentaxe de empresas que non dispoñen de conexión á Internet, o 29,8% opinan que a medio prazo poderían beneficiarse de incluíla no seu equipamento TIC.




Figura 85: Empresas con conexión á Internet en función do tamaño da empresa.
 Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾




Figura 86: Empresas con conexión á Internet por sector de actividade.
 Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

Este acceso á Internet por parte das empresas galegas, produciuse, como media, a partir de principios de 2000.

Se o analizamos por sectores, obtemos que os pioneiros foron os do sector financeiro, mentres que os máis lentos pertencen á construción. Isto coincide co feito de que


actualmente sexan estes dous sectores os que teñen un maior e un menor acceso á Internet respectivamente.

Actividade	Ano
Finanzas	Finais de 1997
Fabricación	Finais de 1999
Comerciantes por xunto	Finais de 1999
Detallistas	Finais de 1999
Transportes	Principios de 2000
Servizos	Principios de 2000
Construción	Principios de 2001

Táboa 2: Acceso á Internet segundo o sector de actividade.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

Dunha análise da porcentaxe de empresas que incorporou a páxina web nos últimos anos, os datos amosan que o acceso á Internet, tal como xa amosan os datos de penetración das gráficas anteriores, xa está consolidado. A taxa de novas incorporacións á Internet cada vez é menor, porque xa é un requisito tecnolóxico da maior parte das empresas galegas.



■ Antes do 2000 ■ Ano 2001 ■ Ano 2002 ■ Ano 2003 ■ Ano 2004 ■ Ano 2005 ■ Ano 2006

Figura 87: Evolución cronolóxica do acceso á Internet por parte das empresas galegas.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

En canto aos servizos empregados polas empresas galegas a través da Internet, os máis usados son a procura de información e os servizos bancarios e financeiros. Pola contra a busca de persoal e a operación nalgún *marketingplace* son os menos empregados.




Figura 88: Distribución dos servizos que as empresas galegas empregan a través da Internet.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

A valoración que as empresas fan destes servizos é de media positivo ou moi positivo en case 9 de cada 10 casos. O sector que fai unha mellor valoración é o financeiro, mentres que a peor puntuación lévaa o sector transportes.




Figura 89: Valoración por parte das empresas galegas dos servizos que emprega vía Internet

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

Ademais, como resultado destas enquisas, descubriuse que os servizos comerciais son os que as empresas galegas máis botan en falla na Internet así como unha maior dispoñibilidade de informacións e trámites. Finalmente, e en menor medida, tamén se suxeriron as posibilidades de busca de emprego, de formación e de axudas económicas.

Unha vez analizadas as empresas que teñen acceso á Internet, o seguinte punto que se debe tratar é a tecnoloxía contratada.

Tal como se pode apreciar na seguinte figura, a tecnoloxía maioritaria é a banda larga (ADSL, cable, ou outras tecnoloxías de banda larga) cun 86% de empresas usuarias. Ademais as velocidades contratadas atópanse entre os 512 Kbps e os 4Mbps en case o 90% dos casos. Aínda así, o 56,8% das empresas que teñen acceso á Internet, opinan que se poderían beneficiar a medio prazo de aumentar a velocidade de conexión.




Figura 90: Tecnoloxías de acceso á Internet contratadas polas empresas galegas.
 Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾




Figura 91: Empresas con conexión á Internet por sector de actividade.
 Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

Finalmente, á hora de identificar os motivos polo que esa minoría de empresas non están conectadas á Internet a conclusión, á vista dos datos que fornece DMR/AETIC, é que o 81% das empresas cren que non lles reporta beneficios ou que non é necesario.

Motivos para non estar conectado a Internet




Figura 92: Motivos para non estar conectados a Internet (% de empresas con PC e sen acceso á Internet).

Fonte. *Elaboración propia a partir de datos de DMR/AETIC* ⁽⁶⁾

O Observatorio TIC analizou tamén esta circunstancia nas empresas galegas. Aínda que o factor da utilidade non é tan directamente citado, as principais razóns están na mesma liña: a propia falla de utilidade, a falla de rendibilidade e a existencia de outras prioridades.




Figura 93: Motivos para non estar conectados á Internet (% de empresas con PC e sen acceso á Internet).

Fonte. Observatorio Galego da SI⁽²⁾

Os datos das enquisas confirman o que vimos apuntando xa que a maioría das empresas que non teñen presenza na Internet consideran que a falla de utilidade e de rendibilidade son os principais motivos. Tamén que outras opcións poden substituír o que reporta a Internet e que polo tanto que non sexa necesario o seu uso.




Figura 94: Motivos polos que a empresa non dispón de acceso á Internet.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI⁽¹⁾

Tamén é interesante analizar os motivos polos que parte das empresas dotadas de acceso á Internet non teñan banda larga. Tal como pode verse na figura seguinte, as

principais razóns son a consideración de que a velocidade que xa teñen é a adecuada, e o feito de que non estea dispoñible na sede da empresa.




Figura 95: Motivos polos que as empresas galegas non teñen banda larga.

Fonte *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

Unha vez analizado o acceso á Internet é interesante facer unha pequena análise sobre a situación nas sedes operativas nas empresas galegas.

Na cuarta parte dos casos entrevistados, as empresas posúen máis dunha sede operativa. Ademais, no 40% destas empresas existen contratados servizos de telecomunicación de datos para a conectividade entre elas. Tal como se pode observar nas dúas gráficas seguintes tanto o número de sedes como a presenza de servizos de telecomunicacións para comunicalas teñen a mesma tendencia que o nivel de facturación.




Figura 96: Empresas que dispoñen de máis dunha sede operativa.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾




Figura 97: Empresas que teñen contratados servizos de telecomunicacións para a conectividade entre as sedes.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

Segundo cos servizos de telecomunicacións, cómpre destacar que no 36% dos casos contratouse o mesmo operador para os servizos de telefonía fixa, telefonía móbil e comunicación de datos.

Para rematar esta sección é interesante facer unha análise da rotación de operadores de telecomunicacións por parte das empresas galegas.

Segundo os datos das enquisas, unha media do 28% destas empresas cambiaron de operador no último ano. Os sectores máis rotativos son os maioristas e os financeiros, mentres que o que ten menos tendencia ao cambio son o da construción e o de transportes.




Figura 98: Frecuencia coa que as empresas galegas cambian de operador de telecomunicacións.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

Por outra banda, aínda que parte das empresas galegas non cambien frecuentemente de operador, si que analizan as ofertas que outros operadores de telecomunicacións presentan.

De feito as enquisas amosan que unha media do 57% das empresas galegas consultaron estas ofertas no último ano. Ademais, existe unha correlación directa entre os sectores que máis consultan outras ofertas cos que máis rotan.




Figura 99: Frecuencia co que as empresas galegas analizan as ofertas de operadores de telecomunicacións distintos aos que lle prestan servizos.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

1.4 Administración electrónica

O 54% das empresas galegas relaciónanse coa Administración a través da Internet, delas o 67% corresponde á Administración autonómica.

O 61% das pemes españolas relaciónanse coa administración a través da Internet.